



REQUISITOS PARA A TRAMITACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS EN VÍA PÚBLICA.

GUÍA INFORMATIVA.

Trala entrada en vigor da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que modifica a lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as solicitudes relativas á tramitación de eventos no servizo de deportes terán que axustarse ás seguintes esixencias, de carácter xeral, e que se fan indicar para coñecemento dos distintos solicitantes sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

PRIMEIRO.- NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN EXPRESA.

A ocupación temporal do sistema viario público para a celebración dun evento está suxeito ao control e autorización previa do Concello de Vigo, de acordo coas competencias que esta Administración local ostenta no tocante ás funcións de tutela e actos de ocupación dos sistemas viarios e espazos de uso público da súa titularidade, así como en materia de seguridade cidadá, ordenación do tráfico de vehículos e de persoas en vías urbanas e en materia de espectáculos públicos, e que así veñen establecidas polos artigos 25 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 80 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, 75 e concordantes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, 6, 84 e 85 da lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, 7, 12 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade vial, 41 da lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, 5.4 e 27 da Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, artigos 5, 24 e concordantes da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, artigos 9 e 53 da Ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa (Aprobada definitivamente polo pleno do concello na súa sesión de 28 de outubro de 2013 (BOP no 235, del 9 de decembro de 2013) e anexos modificados por resolucións da Vicepresidenta da XMU de datas 20 de xaneiro do 2014 (BOP no 53, do 18 de marzo de 2014), 6 de marzo de 2014 (BOP no 103, do 30 de maio del 2014) e 12 de novembro de 2015 (BOP no 2, del 05 de xaneiro de 2015)), e demais normativa de concorrente aplicación.

SEGUNDO.- SOBRE A MONTAXE DE INSTALACIÓNS DESMONTABLES CO GALLO DO EVENTO.

Consonte ao disposto nos Artigos 9 e 53 da Ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa a autorización de ocupación do dominio público será requisito previo para a obtención do título habilitante das instalacións desmontables que se localicen no recinto.

De conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, engadida pola disposición derradeira primeira da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, cando o evento autorizado prevea a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza a que se refiren os artigos 40 e 42 da lei, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación.

Segundo o disposto no artigo 40.2.c) da lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a montaxe de estruturas non permanentes desmontables requirirá, con carácter xeral, dunha DECLARACIÓN RESPONSABLE asinada polo titular da instalación.

Exceptúanse do réxime de declaración responsable, sendo necesaria a obtención dunha LICENZA expresa, segundo o disposto no artigo 41. d da Lei 9/2013, a montaxe de calquera instalación, aínda que sexa de carácter non permanente e desmontable, cando a celebración do espectáculo ou actividade recreativa exercida dentro da propia instalación deba dispoñer dun plan de autoprotección ou estudo específico, isto é, cando a instalación desmontable albergue unha ocupación igual ou superior a 2.500 persoas ou a altura de evacuación da instalación sexa superior a 28 metros (Anexo I, epígrafes 1 letra d) y epígrafe 2 letra d) do RD 393/2007, en concordancia co Anexo I epígrafe 1, letra d) e epígrafe 2 letra g) do Decreto 171/2010, de 1 de outubro).



TERCEIRO.- GUÍA DE TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.

Esixírase autorización municipal a todo evento deportivo organizado cuxo desenvolvemento non permita cumprir ós participantes coas normas de tráfico ou supoña unha notable afección do mesmo en xeral e inclúa, como parte do seu percorrido aínda que só sexa para cruzalzas, vías urbanas e/ou terreos de uso público (Art. 55 RGC)

1º.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

Os organizadores remitirán a solicitude á Concellería de Deportes, a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo nos seguintes prazos:

Data celebración do Evento	Prazo Solicitude
Eventos entre 01/01 ó 30/06	Do 15 de outubro ao 15 de novembro
Eventos entre 01/07 ó 31/12	Do 1 ao 30 de abril

Con carácter extraordinario, e de forma xustificada, tramitaranse os expedientes de solicitude de celebración de eventos que, por motivos técnicos ou de programación, non tiveran opcións de entrar dentro dos prazos establecidos no apartado anterior, cos seguintes condicionantes.

2º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Documentación básica a presentar polos solicitantes de autorización municipal en relación á celebración de eventos deportivos en vía pública.

1.- Solicitude vía web a través da web da carpeta cidadana.

2.- Memoria completa da proba que conterá ordenados e como mínimo, os seguintes datos:

- Nome da actividade e edición.
- Regulamento da proba.
- Croquis a escala e preciso do percorrido co detalle das rúas, cruces..., data de celebración, itinerario, perfil, horario previsto de inicio e finalización, horarios de paso polos distintos puntos determinantes do percorrido e promedio previsto tanto da cabeza da proba como do peche desta, proposta de vehículos de apoio.
- Identificación dos responsables da organización, e concretamente do director executivo, e do responsable de seguridade vial, que dirixirá a actividade do persoal auxiliar habilitado.
- Número aproximado de participantes previstos e de asistentes.
- Proposta de medidas de sinalización da proba e do resto dos dispositivos de seguridade previstos nos posibles lugares perigosos, así como a función que deba desempeñar o persoal auxiliar habilitado, todo elo mediante informe detallado e que será comunicado no seu momento polo responsable da seguridade vial da proba o a policía ó persoal responsable da vixilancia destes puntos conflictivos.
- Relación detallada de servizos médicos que debe ser como mínimo: 1 ambulancia e 1 médico para eventos de ata 750 participantes, incrementando un médico e unha ambulancia por cada fracción de 1000 participantes.

3.- Documentación de identificación:

- Copia do DNI do/a solicitante, e cargo na entidade se corresponde.
- Copia do DNI do director executivo
- Copia do DNI do responsable de seguridade vial.
- Copia do CIF da entidade Solicitante, no caso de entidades.
- Copia do documento acreditativo da composición da xunta directiva no caso de entidades.

4.- Seguros:

- Xustificante da contratación dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes a los que se refire o artigo 14 do anexo II do Regulamento Xeral de Circulación.
 - Póliza de seguro de responsabilidade Civil e recibo de pago.
 - Póliza de seguro de accidentes de participantes e recibo de pago.

5.- Declaración Xurada do promotor do evento (Documento tipo)



6.- Calquera outra documentación que o Concello de Vigo estime necesaria en función do tipo de evento.

CUARTO.- CONDICIÓN XENÉRICAS (i) ÁS QUE SE AUTORIZACIÓN . RÉXIME DE OBRIGAS DO PROMOTOR SUBORDINARÁ A EFICACIA DAS AUTORIZACIÓN . RÉXIME DE OBRIGAS DO PROMOTOR .

1º).- De conformidade co disposto no artigo 8 da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o organizador do evento deberá contratar un Seguro de Responsabilidade Civil, nos termos antes expostos.

2º).- Salvo que figure expresamente recollido nas condicións da autorización, esta non habilitará para utilizar as acometidas de auga, electricidade ou demais servizos municipais.

•O subministro eléctrico deberá solicitala acometida eléctrica a empresa subministradora ou contar cun grupo electrógeno.

•Para a acometida de auga e saneamento deberá solicitar punto de de subministro e punto de vertido á empresa concessionaria.

3º).- No caso de que a ocupación do dominio público comporte a instalación de equipamentos eléctricos é de cumprimento a INSTRUCCIÓN 2/2018, de 26 de marzo, da Dirección Xeneral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión, polo que o titular/organizador do evento é o responsable de que tódalas instalacións eléctricas presentes sexan realizadas por empresas instaladoras habilitadas para instalacións eléctricas de baixa tensión. O titular/organizador deberá solicitar ao instalador una copia do certificado da instalación rexistrado trala execución da mesma e antes da súa posta en servizo con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou, como prolifera actualmente, mediante un grupo electrógeno, entendéndose non autorizado este evento se non se dispón do mencionado certificado.

4º) Serán de obrigado cumprimento as “Normas Xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

5º).- Deberá dispoñerse dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poida xerar o evento, incluso durante a celebración do mesmo se fose necesario, co obxecto de garantir que o espazo público obxecto desta autorización quede nas mesmas condicións que antes do seu uso. No seu caso debera contratar un xestor autorizado para a recollida de residuos non asimilables a urbanos.

6º).- Os vehículos de MMA maior de 10 Tm solicitarán neste Departamento de Seguridade e Mobilidade RESERVA DE CARGA DESCARGA e LICENZA DE CIRCULACIÓN presentando copia do Permiso de Circulación e Ficha Técnica.

7º).- No caso de necesidade de reservas aparcadoiro, con 48 horas de antelación sinalizárase con valados e sinal R307 as marxes da rúa ou perímetros do aparcadoiro para impedir o estacionamento, de xeito que se garanta en todo momento o máximo número de carrís libres para a circulación de vehículos. Logo de sinalizar avisará á Policía Local para dar conta da reserva de aparcamento. Teléfono 986810101

8º).- Coidaranse especialmente os aspectos de seguridade, estética e hixiene da entorna afectado, que deberá estar sinalizada e balizada axeitadamente, día e noite, conforme á normativa vixente en materia de circulación e seguridade.

9º).- A Policía Local velará polo estrito cumprimento das normas establecidas e garantirá os mínimos imprescindibles de seguridade viaria, de tal xeito que o incumprimento das medidas de seguridade e protección ordenadas polos axentes da autoridade poderá motivar a paralización do evento.

10º).- O exercicio da actividade a desenvolver no dominio público deberá realizarse sen invadir, pisar ou amontoar materiais nas zonas verdes, quedando prohibido o acoramento de elementos de fixación das instalacións ou dos seus elementos accesorios mediante elementos punzantes no pavimento da calzada ou na beirarrúa, como tamén o emprego de calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo e elementos de vexetación existentes.



12º).- O titular da autorización resulta obrigado a conservar en perfecto estado de salubridade, hixiene e limpeza o dominio público municipal ocupado e á reposición de todos os danos que poidan ocasionarse no mesmo como consecuencia da ocupación ou actividade desenvolvida. Igualmente, unha vez finalizado o período de ocupación, deberá procederse á total retirada das instalacións e aparellos que tivesen ocupado o dominio público con motivo do evento.

13º).- Antes de realizar calquera tipo de actividade, aportaranse por rexistro municipal unha reportaxe fotográfica relativa aos danos detectados na zona de ocupación. Unha vez rematados os actos comprobárase sobre o terreo a situación en que este queda. O arranxo dos posibles danos correrá por conta do titular da autorización.

14º).- Figurará o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade, merchandaising, carteis etc. que fagan referencia ao evento, debendo de ser este como mínimo de iguais dimensións que o da entidade organizadora e calquera outra empresa ou entidade colaboradora.

15º).- A autorización poderá ser modificada, suspendida temporalmente ou revogada en calquera momento polo Concello de Vigo por razóns de interese público.

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO EN RELACIÓN ÁS OCUPACIÓNS DE VÍA PÚBLICA POR EVENTOS DEPORTIVOS.

1.- **O control e orde das probas**, estará encomendado ós axentes da autoridade, quen poderá habilitar, se así o considera, ó persoal da organización, que actuará seguindo as directrices dos axentes.

- Os organizadores de un evento que precise autorización pero carezan da mesma, poderán ser sancionados por infracción moi grave (Art. 77.g do TRLT, R.D6/2015).
- O director executivo (En adiante D.E) e o responsable da seguridade vial (En adiante R.S.V) da proba deportiva deberán ser maiores de idade e posuír licenza ou permiso de condución en vigor, así como coñecer o regulamento da proba.
- O responsable de seguridade vial deberá indicar de modo preciso a cada membro do persoal auxiliar habilitado a función que deban desempeñar, de acordo coa memoria aprobada pola autoridade competente.
- Persoal auxiliar: O persoal auxiliar para o mantemento da orde e o control da actividade deberá ser en número razoable en función das características da actividade, dependerá do R.S.V e deberá ter, como mínimo, as seguintes características:
 - a) No punto de peche da vía disporase haberá un dispositivo composto como mínimo de 2 persoas, encargadas da apertura e peche das zonas con circulación restrinxida a accesos, que deberán permanecer no seu posto mentras sexa necesario.
 - a) Ser maior de idade e posuír o permiso de condución.
 - b) Dispoñer por escrito das instrucións precisas dadas polo R.S.V e que foran explicadas previamente por este ou polos axentes da autoridade que dean cobertura á proba.
 - c) Dispoñer dun sistema de comunicación eficaz que permita ó R.S.V entrar en contacto co persoal habilitado durante a celebración da proba.
 - d) Dispoñer de material de sinalización axeitado integrado, como mínimo, por conos e bandeiras verde, amarela e/o vermella, para indicar ós usuarios se a ruta está libre ou non, o alertar sobre unha situación de perigo.
 - e) Deberá poder desprazarse de un punto a outro para o exercicio das súas funcións e contar con aptitudes e coñecementos necesarios.
 - f) Irá provisto de sinais verticais R-2 (stop) e R400X (sentido obrigatorio, según corresponda) incorporadas a unha paleta,
 - g) No caso de falta de luz solar, irá provisto, ademais, dunha lanterna, que produza luz amarela, vestimenta de alta visibilidade homologada, así como un sistema de comunicación que lle permita o enlace cos demais membros da organización, axentes de policía e/o servizos de emerxencia.

2.- Ningunha proba dará comezo sen o **visto bo e a autorización expresa da policía local**, que será competente para non autorizar o inicio dunha proba si considera que non se cumpre calquera cuestión que considere relevante.

CONCELLERÍA
DE
DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



3.- **Vehículos de apoio:** A organización disporá dos vehículos de apoio suficientes, banderines e medios de sinalización do percorrido propostos no seu plan de seguridade do evento autorizado polo Concello de Vigo, tanto no que respecta ós participantes como ó resto de usuarios da vía,

4.- **Persoal de apoio:** A organización contará cos servizos necesarios para, no seu caso, retirar os dorsais ós participantes e retirar a sinalización e os desperdicios dos avituallamentos ó rematar a actividade, deixando a vía e arredores no mesmo estado que antes da súa celebración. Esta dispoñibilidade deberá acreditarse documentalmentemente antes do inicio da proba.

5.- **Apertura e peche das probas: Condicións.**

- O inicio e final do tramo de vía pechada estarán anunciados polos vehículos piloto de apertura e peche da organización, que portarán os carteis pertinentes, e que gardarán unha distancia mínima de 200m con respecto ó primeiro e último participante.
- A organización sinalizará o inicio e fin dos tramos de circulación ordinaria, e controlará que a incorporación dos participantes a estes, se leve a cabo en condicións seguras.

6.- **Carteis informativos:** o organizador colocará, cunha antelación de 72h á celebración da proba, carteis informativos nas zonas afectadas polo desenvolvemento do evento, indicando o motivo e os horarios de cortes de tráfico. Estes carteis deberán ter sido autorizados pola policía local.

7.- **Retirada de sinalizacións e lixo:** A organización disporá do persoal suficiente para a retirada da sinalización e lixo orixinado pola celebración da proba.

8.- **O responsable de seguridade vial da proba deberá coñecer as normas de circulación,** para o cal deberá posuír permiso de condución en vixencia, cuestión que deberá acreditar.

9.- **A autoridades competentes redactarán una instrución específica** que conterá noicións básicas sobre regulación de tráfico, e cuxo contido será de obrigado coñecemento para o responsable de seguridade vial da proba.

10.- **Tempos de paso:** Os tempos de paso non poderán ser superiores ós horarios establecidos na autorización. Os participantes que os superen, deberán abandonar a proba sen necesidade de notificación algunha, quitarse os dorsais e circular como un usuario máis da vía. A organización garantirá en todo caso que os participantes rebasados estean desprovistos dos seus dorsais.